

# ESCOLA PÚBLICA DE MOAÑA. Onde mellor?



EEI do Con



EEI de Verducedo



CEIP de Abelendo



CEIP Plurilingüe de Domaio



CEIP A Guía



CEIP de Quintela



CEIP Plurilingüe de Tirán



CEIP de Reibón



CEIP da Seara

## ESCOLA PÚBLICA DE MOAÑA. Onde mellor?

SERVIZOS EN TODOS OS CENTROS:

**Plan Madruga** que permite deixar ás crianzas desde as 7:00h

**Comedor escolar** ata as 16:00h

**Persoal especializado** en atender ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativa (Pedagogía Terapéutica / Audición e Linguaxe) e profesorado formado permanentemente en seminarios e cursos especialista en Infantil, Primaria, Inglés, Francés, Educación Musical e Educación Física.

**Espazos específicos** (Biblioteca, TIC, música, ximnasio e/ou aula de psicomotricidade, pista deportiva, horto escolar, espazos de xogo)

ACTIVIDADES:

Ademais das actividades propias de cada escola, que cada ano xiran ao redor dun proxecto global de centro, e dos proxectos de innovación e mellora da calidade impulsados polo profesorado, todos os colexios participan no Programa Aprende Moaña organizado polo Concello: visitas á **Ludoteca Municipal** (Ed. Infantil), á Escola de **Música Tradicional** (1º primaria), **Día da Árbore** coas Comunidades de Montes (2º primaria), visita aos **monumentos de Moaña** (3º primaria), visita á **Casa do Concello** (4º primaria), visita á **EDAR** (5º primaria), roteiro polo **río da Fraga** (5º primaria), visita ao **Complexo Medioambiental** (6º primaria). Tamén participan todos os centros na televisión escolar **Caranvexo TV**, nos concertos didácticos da **Escola de Música**, nos didácticos de **Jazz** e en actividades do ciclo do ano entre as que destaca o Entroido coa implicación das ANPAS no **Enterro da Xoubiña**. A Federación Arco da Vella e o Club de Atletismo organizan tamén a **Olimpiada Escolar de Moaña**.

Todas as familias poden participar da **Escola de Familias** con formación en contidos de interese para a educación das crianzas.

A ANPA de cada centro oferta ademais un amplo abano de **actividades extraescolares** desde as 16:00h.

FORMARSE COMO MOAÑESAS E MOAÑESES:

A mellor formación para as nenas e nenos é aquela centrada na súa realidade, recibida na compañía das súas veciñas e veciños, contribuindo a crear comunidade e cidadanía coñecedora dos seus dereitos e deberes e coñecedora das potencialidades e recursos do lugar no que viven. Unha formación de calidade impartida por profesorado especialista en cooperación co noso tecido social.

**Unha crianza moañesa só pode recibir esa formación nos Centros Educativos Públicos de Moaña.**

CEMM

Consello Escolar  
Municipal de Moaña



CONCELLO DE MOAÑA